



CAMPO DE VOLUNTARIADO: "DO AUDIOVISUAL GALEGO" (CELANOVA-OURENSE)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
4-15/07/2022	18-30	Internacional	Audiovisual	15



LOCALIZACIÓN

Este campo de voluntariado está situado en Celanova (Ourense) a 25 quilómetros da capital, moi próximo á fronteira de Ourense e Portugal. Actualmente atópase comunicado pola autovía AG-31, que sitúa a Celanova a pouco máis dunha hora de Santiago de Compostela e de Vigo, así como dos seus respectivos aeroportos. É un lugar de media montaña dotado de suaves vales e verdes outeiros e bañado polo río Arnoia, un afluente do principal río de Galicia, o Miño.

O concello de Celanova conta cun importante patrimonio histórico que ten a singularidade de ser un reflexo do tempo e un magnífico exemplo da evolución histórica de Galicia. Dende o xacemento arqueolóxico de Castromao, referente da cultura castrexa e da romanización, ata a Casa dos Poetas, que lle serve de alicerce á memoria de dous dos principais escritores da literatura galega contemporánea como son Curros Enríquez e Celso Emilio Ferreiro, nados ambos os dous en Celanova. O seu patrimonio arquitectónico complétase co burgo medieval de Vilanova dos Infantes, a capela mozárabe de San Miguel e o imponente mosteiro de San Rosendo, que alberga un dos máis destacados edificios monacais de Galicia.



É de destacar, así mesmo, que moi próximo a Celanova está o Parque Natural do Xurés, así como o Parque Nacional Portugués de Peneda-Gerês, dous espazos de gran valor natural e de gran beleza xeográfica declarados actualmente reserva da biosfera.

DESCRIPCIÓN DO CAMPO

Nesta edición do campo a proposta xira arredor da elaboración de distintas pezas de non ficción que reflectan a riqueza patrimonial, cultural, artística e literaria do Concello de Celanova, involucrando a veciñanza neste proxecto, a través da realización de distintas entrevistas e recollida de testemuñas. As distintas pezas deberán reunir unha serie de requisitos técnicos (planos, secuencias, ángulos...) así como xeográficos (localizacións nas que rodar). Xunto co equipo audiovisual, os/as participantes irán pasando polas tres etapas da creación audiovisual: preproducción, produción e posterior montaxe. Paralelamente, deberán aproveitar os medios técnicos (cámaras, equipos de son, trípodes, ordenadores, dron...) para a rodaxe de pequenas pezas individuais que presentaran no festival de curtas final, asegurando deste xeito unha aprendizaxe activa e participativa, na que as participantes se achegan ao coñecemento audiovisual dunha maneira práctica e lúdica.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Descubrimento dos espazos evocativos do contorno de Celanova, que inspiraron os escritores para a composición de poemas ou a creación de relatos literarios, como poden ser Penalta, Einibó, Vilanova dos Infantes etc.

Coñecemento do patrimonio arquitectónico e monumental de Celanova e dos seus arredores.

Obradoiro de percusión doméstica.

Farase unha ruta pola Serra do Xurés-Gerês (Reserva da Biosfera). Visitaremos tamén AquisQuerquennis en Bande.



CAMPO DE VOLUNTARIADO: "DO AUDIOVISUAL GALEGO" (CELANOVA-OURENSE)

NOTA: Estas actividades complementarias son orientativas e están suxeitas a posibles modificacións derivadas do propio calendario de actividades no campo de traballo, así como á existencia de crédito orzamentario.

COMO CHEGAR

Dende Santiago de Compostela (a 130 km de Celanova) podes viaxar en autobús coa compañía Monbus (www.monbus.es) ou Alsa (www.alsa.es) ata Ourense. Tamén tes a posibilidade de facelo en tren ata Ourense (www.renfe.es). Dende Ourense a Celanova, debes tomar un autobús da compañía www.anpian.com.

Dende Vigo (a 90 km de Celanova) pódelo facer en autobús coa empresa Monbus (www.monbus.es) ou con Alsa (www.alsa.es) ata Ourense. Tamén tes a posibilidade de viaxar en tren a Ourense (www.renfe.es). Dende Ourense a Celanova, debes tomar un autobús da compañía www.anpian.com.

Dende Lugo (a 130 km de Celanova) podes viaxar ata Ourense en bus (www.monbus.es) ou en tren. Para coller o bus da compañía Anpian, que te leva a Celanova.

ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

Os/As participantes aloxaranse no albergue xuvenil de Celanova, que dispón de comedor e instalacións complementarias. O almorzo, o xantar e a cea estarán a cargo de persoal especializado.

INCORPORACIÓN, PUNTO DE ENCONTRO

O primeiro día a partir das 16:00 h no albergue xuvenil de Celanova.

COTA

CENTO DEZ (110 €) euros. As persoas posuidoras do carné xove, título de familia numerosa ou familia monoparental: OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (82,50 €)

DEVOLUCIÓN DA COTA

Circunstancias que dan dereito á devolución da cota:

- Anulación da actividade ou non prestación do servizo por causas non imputables á persoa interesada.
- Ingreso hospitalario, causa médica grave ou diagnóstico positivo en Covid 19 que afecte á persoa interesada e lle impida incorporarse ao campo. Deberá acreditarse con informes médicos e/ou do hospital no que estea ingresada, ou coa certificación do resultado da proba da Covid 19.
- Falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde estea ingresado o familiar, ou co certificado de defunción, de ser o caso.

d) Abandono da actividade por calquera dos motivos recollidos na letra b), sempre e cando non transcorrese máis do 50 % dos días de duración do campo.

EQUIPO ACONSELLABLE

- Útiles de aseo
- Roupa: de abrigo, de chuvia, de deporte e de baño (traxe de baño, toalla e chanquetas)...
- Protección solar e unha gorra



DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.

SEGURO

Todas as persoas participantes dispoñen dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

CONTACTOS

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado:

T. 981 957 115 - camposdetraballo.xuventude@xunta.gal

Servizo de Xuventude e Voluntariado de Ourense:

T. 988 386 113 - camposourense.xuventude@xunta.gal

INFORMACIÓN ADICIONAL

xuventude.xunta.es Portal da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta de Galicia con toda a información sobre campos, ocio e tempo libre, actividades, formación...

[@xuventudegalicia](https://www.instagram.com/xuventudegalicia) Redes sociais da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.